

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento dos centros de protección de menores dependentes de entidades de iniciativa social e se convocan para o ano 2020, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia (2014-2020).

A Consellería de Política Social publica no ano 2020 a Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento dos centros de protección de menores dependentes de entidades de iniciativa social e se convocan para o ano 2020, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 11, do 17 de xaneiro).

A partida orzamentaria con cargo á cal se financian as axudas de investimento ten un cofinanciamento do 80 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O prazo e a forma de presentación das solicitudes regúlanse no artigo 7 da antedita orde. Ese artigo recolle tamén a posibilidade de requirimento de emenda no caso de ser necesario, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas ao abeiro da dita orde de convocatoria pola unidade administrativa tramitadora e encargada da instrución do procedemento, identificáronse aquelas que non reúnen a documentación necesaria, ben por non tela presentado ben por conter erros, ou ben por non ser suficiente para a determinación do cumprimento dos requisitos exixidos.

O artigo 14.1 da Orde do 17 de decembro de 2019 dispón que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de



outubro, os actos administrativos de requirimento de emenda de documentación así como a correspondente resolución deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Así mesmo, os requirimentos tamén se publicarán a través do Portal da Consellería de Política Social (<http://politicasocial.xunta.gal/>).

Polo exposto, e unha vez autorizada a continuación deste procedemento de concesión das subvencións, por Resolución da Conselleira de Política Social do 4 de maio de 2020, logo do Acordo favorable do Consello da Xunta de data 24 de abril de 2020, na fase procesual do requirimento da emenda das solicitudes,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes obxecto de requirimento por non estar debidamente cubertas e/ou non achegar a documentación preceptiva exixida segundo o establecido nas bases reguladoras. Esta relación e o obxecto do requirimento figuran como anexo desta resolución.

Segundo. Facer indicación expresa a todas as entidades solicitantes que figuran no dito anexo de que son requiridas para que, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece nesta resolución, coa advertencia de que, de non o facer, se terán por desistidas da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 7.3 da Orde do 17 de decembro de 2019, ao abeiro do artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite a oportuna resolución, de conformidade co disposto no artigo 21 da dita lei.

Terceiro. Informar as entidades interesadas que, de acordo co establecido no artigo 8 da Orde do 17 de decembro de 2019 e no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a presentación da documentación requirida debe ser realizada electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Cuarto. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de emenda de documentación das solicitudes, poderán dirixirse á Di-

CVE-DOG: dfjuzc4-r7x6-ev72-v2g5-qzp00uxveve6



rección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través dos medios recollidos no artigo 26 da orde de convocatoria.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2020

María Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Requirimentos de emenda de documentación (BS413A) Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Nº de expediente	Centro	Entidade	NIF	Documentación que se require
BS413A 2020/1	Centro de día de menores San Anibal	Hijas del Divino Celo-Rogacionistas	R0800037D	6
BS413A 2020/2	Casa de familia Laura Vicuña	Inspección María Auxiliadora	R0800057B	7
BS413A 2020/3	Casa de familia San Anibal Burela	Hijas del Divino Celo-Rogacionistas	R0800037D	6
BS413A 2020/4	Centro de atención integral de día Xurde	Cáritas Diocesana de Ourense	R3200098F	5, 10
BS413A 2020/5	Fogar de menores María Inmaculada	Religiosas de María Inmaculada	R1500089F	5, 6, 9
BS413A 2020/7	Casa de familia de Monforte de Lemos	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 8, 10
BS413A 2020/8	Casa de familia Maluma	Asociación Maluma O Grove	G36474518	5, 6, 7
BS413A 2020/9	Centro de día de atención ao menor Alborada	Asociación cidadana Lucha contra a droga	G36624963	5, 6, 7, 8
BS413A 2020/10	Casa de familia Arela Bembrive	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 8, 10
BS413A 2020/11	Centro menores Ollos Grandes	Centro Nosa Sra. dos Ollos Grandes-Buen Pastor	R2700047J	5, 6
BS413A 2020/12	Casa de familia O Barco	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 8, 10
BS413A 2020/13	Centro de día de menores de Verín	Cruz Roja Española	Q2866001G	2, 3, 4, 7
BS413A 2020/14	Casa de familia Arela Atlántida	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 7, 8, 10
BS413A 2020/15	Centro atención de día Aragón	Aldeas infantiles SOS de Galicia	G36639896	8

CVE-DOG: dfjuzc4-r7x6-ev72-v2g5-qzp00uxveve6



Nº de expediente	Centro	Entidade	NIF	Documentación que se require
BS413A 2020/16	Centro acollida de día Esperanto 15	Aldeas infantiles SOS de Galicia	G36639896	8
BS413A 2020/17	Centro de atención de día de Pontearreas	Aldeas infantiles SOS de Galicia	G36639896	8
BS413A 2020/18	Aldeas Infantiles SOS Redondela	Aldeas infantiles SOS de Galicia	G36639896	8
BS413A 2020/20	Miniresidencia Chavea Muiño Novo	Fundación Lar pro salud mental	G36302776	7
BS413A 2020/21	Casa familia Aldeas Infantiles SOS Esperanto 17B	Aldeas infantiles SOS de Galicia	G36639896	7
BS413A 2020/22	Casa de familia Aldaba de Vilagarcía	Fundación Aldaba	G82453606	5, 7
BS413A 2020/23	Miniresidencia Inmaculada Niña	Inmaculada Niña Viveiro	R7700032A	6
BS413A 2020/24	Casa de familia Torrente Conxo	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 7, 8, 10
BS413A 2020/26	Casa de familia de Allariz	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 7, 8, 10
BS413A 2020/27	Centro de día integral Doctor Teixeiro	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 7, 8, 10
BS413A 2020/28	Miniresidencia Nosa Señora das Mercedes	Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad	R2800377J	2
BS413A 2020/29	Casa familia Valdomiño (Lar)	Hogares y apoyo al menor Lar	G32009607	5, 7
BS413A 2020/30	Casa de familia Santa Joaquina de Vedruna	Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna	G36797454	1, 5, 6, 7, 8, 9
BS413A 2020/31	Casa de familia Dignidade Santiago de Compostela	Fundación educativa e social Dignidade	G27473677	5
BS413A 2020/32	Centro de menores O Seixo	Fundación Aldaba	G82453606	5, 6
BS413A 2020/33	Casa de familia Dignidad Perpetuo Socorro de Lugo	Fundación educativa e social Dignidade	G27473677	5
BS413A 2020/35	Miniresidencia La Milagrosa Carballo	Colegio La Milagrosa-San Vicente Paul	R1500033D	5, 7, 8
BS413A 2020/36	Centro fogar Lar A Merced	Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad	R2800377J	2, 5, 6
BS413A 2020/38	Casa hogar Berce Os Cativos	Asociación de iniciativa social Berce	G36788081	5, 8
BS413A 2020/39	Centro atención de día Cáritas Vigo	Cáritas Diocesana de Tui Vigo	R3600368I	5, 6, 10



Nº de expediente	Centro	Entidade	NIF	Documentación que se require
BS413A 2020/40	Casa de primeira acollida Berce	Asociación de iniciativa social Berce	G36788081	5, 7, 8
BS413A 2020/41	Casa fogar Berce 2	Asociación de iniciativa social Berce	G36788081	5, 7, 8
BS413A 2020/42	Casa hogar Berce O Perello	Asociación de iniciativa social Berce	G36788081	5, 7, 8
BS413A 2020/43	Casa fogar Berce 1	Asociación de iniciativa social Berce	G36788081	5, 7, 8
BS413A 2020/44	Centro de atención de día integral	Asociación Arela	G36846152	5, 6, 8, 10
BS413A 2020/45	Casa familia García Barbón	FAIBEN fundación apoio a infancia e ao benestar	G27713379	5, 6, 7, 8, 9
BS413A 2020/46	Casa de familia de Ribeira	FAIBEN fundación apoio a infancia e ao benestar	G27713379	5, 6, 7, 8, 9
BS413A 2020/47	Casa de familia Rosalía de Castro Faibén	FAIBEN fundación apoio a infancia e ao benestar	G27713379	5, 6, 8, 9
BS413A 2020/48	Casa de familia Dignidad Ciudad Jardin	Asociación Dignidad-Galicia	G15500853	5, 7, 8, 10
BS413A 2020/49	Centro de día Dignidad 1 Lugo	Asociación Dignidad Lugo	G27224088	5
BS413A 2020/50	Casa de familia de Muimenta	Hogares y apoyo al menor Lar	G32009607	5, 8
BS413A 2020/51	Centro de menores A Milagrosa Sada	Escuelas de la Milagrosa Meirás	G15513120	1, 5, 7, 9
BS413A 2020/52	Miniresidencia Baoquivi	Fundación Barata Ojea Quiroga Villarino	G32025058	5, 6, 7, 8

Documentación que se require	
1	NIF da entidade solicitante
2	Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
3	Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
4	Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga
5	Declaración responsable da antigüidade media do persoal educador do centro
6	Declaración responsable ou certificación do sistema de avaliación da calidade
7	Orzamentos con IVE das obras menores
8	Orzamentos con IVE dos equipamentos
9	Documentación acreditativa da representación suficiente para actuar en nome da entidade
10	Outros

